



Innovación galega alén do Mediterráneo



O CITIC participa nunha Learning Expedition LEX en Israel

— A área de Ciencias da Computación é a segunda que máis publicacións científicas produciu na UDC en 2018

O Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade da Coruña participou nunha *Learning Expedition LEX* que tivo lugar en Israel do 11 ao 15 de marzo. Concretamente, asistiu, convidado polo Clúster Saúde de Galicia, o representante do CITIC na plataforma europea *ECHAlliance (European Connected Health Alliance)*, Marcos Ortega, que estivo acompañado polo *business development manager* do Grupo Varpa, integrado no CITIC, Pablo Guillemette.

O principal obxectivo desta expedición de aprendizaxe e intercambio de coñecemento foi identificar socios estratéxicos e posibilidades de colaboración, así como coñecer as últimas tendencias e boas prácticas de emprendemento, innovación e xestión local no ámbito da saúde.

A axenda deses días estivo ategada de actividades, sendo as máis destacadas as visitas ao Centro Médico Hadassah en Xerusalén, ao Hospital Rabin en Tel-Aviv, á incubadora de empresas eHealth Ventures e ao Google Campus para novas firmas innovadoras de Tel-Aviv. Ademais, tamén se mantiveron reunións bilaterais con empresas israelís do sector saúde.

Esta actividade intégrase na axuda do IGAPE ao Clúster Saúde de Galicia (CSG), denominada *Apoio na promoción exterior*

conxunta das empresas -Convocatoria Pública Exporta Organismos Intermedios-. O CSG busca con estas axudas mellorar a internacionalización e fomentar a innovación do sector saúde de Galicia.

A participación nesta actividade está co-financiada ao 80 % a través do IGAPE e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional do Programa Operativo Galicia 2014-2020.

O principal obxectivo desta expedición de aprendizaxe e intercambio de coñecemento foi identificar socios estratéxicos e posibilidades de colaboración, así como coñecer as últimas tendencias e boas prácticas de emprendemento, innovación e xestión local no ámbito da saúde

A área de investigación de Ciencias da Computación da UDC, na que se engloba a maior parte da produción científica do CITIC, é a segunda mellor emprazada en canto a número de publicacións en *Web of Science (WoS)* en 2018. Durante o ano pasado, esta área produciu 121 documentos, o que supuxo o 9 % da cantidade total, superada unicamente por Enxeñaría, co 12 % das publicacións.

Web of Science é unha plataforma de información científica que recolle as referencias das principais publicacións de calquera disciplina do coñecemento, tanto científico como tecnolóxico, humanístico e sociolóxico. Trátase dunha ferramenta esencial para o apoio á investigación e para o recoñecemento dos esforzos e avances realizados pola comunidade científica e tecnolóxica.